

## DIFERENCIACIÓN CURRICULAR

### *A filosofía dunha aula diferenciada*

O noso sistema educativo ordena e agrupa ao alumnado por idades. Iso non debería facernos pensar que se trata dun grupo homoxéneo. A homoxeneización foi considerada, durante moito tempo, un medio para ofrecer igualdade de oportunidades e bases comúns na educación. Así a todo, o alumnado chega á escola con un “capital cultural incorporado”, construído na súa familia de orixe, o que marca un punto de partida inevitablemente diverso. Igualdade nese contexto non é sinónimo de equidade.

**Phillipe Perrenoud** considera que, se se lles brinda a mesma ensinanza aos alumnos e alumnas con posibilidades de aprendizaxe diferentes, iso fará que se manteñan ditas diferenzas entre eles e, probablemente, mesmo aumenten. Así, fronte ao paradigma da homoxeneidade, xorde o paradigma da diversificación do proceso de ensinanza e de aprendizaxe. Este autor inclúe a competencia de “elaborar e desenvolver dispositivos de diferenciación” dentro das dez novas competencias para ensinar. Nesta competencia do profesorado están implícitas outras competencias máis específicas coma: enfrontarse á heteroxeneidade no grupo-clase, xestionar a aula como un espazo de múltiples interaccións, traballar con alumnado con moitas dificultades, promover a cooperación e poñer en práctica a co-ensinanza entre profesores/as así como a ensinanza mutua entre alumnos/as.

Para **Carol Ann Tomlinson**, a diferenciación é un intento de abordar a variación e a diferenza dos alumnos e alumnas na aula a través de múltiples enfoques que modifican a instrución e o currículo para satisfacer as necesidades individuais dos estudantes. *Tomlinson* fixo fincapé en que, cando os/as profesores diferencian o currículo, deixan de actuar coma dispensadores de coñecemento, e no seu lugar, comenczan a servir como organizadores de oportunidades de aprendizaxe. A diferenciación da instrución e do currículo propón que se lle poden proporcionar ao alumnado materiais e traballo con diferentes niveis de dificultade mediante diversos tipos de agrupamentos, horarios diferentes, e o axeitado andamiaxe para a súa implementación.

Os principios básicos da aula diferenciada, segundo **Carol Ann Tomlinson**, son:

- O profesorado céntrase no esencial da área/materia.
- Ensinanza e avaliación formativa son inseparables.

- O profesorado contempla as diferenzas entre o alumnado, aceptando incondicionalmente aos seus alumnos/as tal e como son, esperando o máximo deles.
- O profesorado adáptase a aptitudes, intereses e perfís de aprendizaxe do alumnado.
- Todos/as os/as alumnos/as participan en tarefas axeitadas para eles/elas.
- O/a profesor/a equilibra os ritmos do grupo e do individuo, logrando que cada un desenvolva as súas potencialidades ao máximo.
- O/a profesor/a é un líder dunha clase na que os/as alumnos/as se axudan uns a outros para acadar obxectivos individuais e de equipo.
- Profesorado e alumnado traballan de forma colaborativa na aprendizaxe e na ensinanza cun método flexible en canto a agrupamentos, recursos materiais, tipo de actividades e tarefas.

### **Que NON é diferenciar?**

**Non** é facer o mesmo en grupos homoxéneos máis pequenos.

**Non** é facer arranxos nun vestido que queda grande/pequeno, senón comprar un vestido novo do talle correcto.

**Non** é indisciplina ou caos, senón máis movemento e comunicación na aula.

**Non** é individualización, senón personalización da ensinanza.

**Non** é unha finalidade, senón un medio para acadar a aprendizaxe.

**Non** é unha recompensa, senón a resposta axeitada a unha situación detectada na aula.

### **Que é diferenciar?**

A diferenciación é **proactiva**.

A diferenciación é **dinámica e fluída**.

A diferenciación é máis **cualitativa** que cuantitativa.

A diferenciación está **centrada no alumnado**.

A diferenciación está **baseada na avaliación** do alumnado.

A diferenciación necesita **flexibilidade nos agrupamentos**.

A diferenciación implica **múltiples enfoques** fronte ao que o alumnado aprende (contido), como aprende (proceso) e como amosa o que aprende (produtos).

### *Dimensións da diferenciación*

**Renzulli e Reis** (1977, 1988, 1997) definen a diferenciación coma unha estratexia que abrangue cinco dimensións: o contido, os procesos, os produtos, a organización e a xestión da aula, e o propio compromiso do mestre co fin de transformarse a si mesmo tanto en calidade de aprendiz coma de profesor.

A diferenciación do contido consiste en engadir máis profundidade ao currículo, centrándose nas estruturas de coñecemento, nos principios básicos, nos conceptos funcionais e nos métodos de investigación de determinadas disciplinas. Canta máis profundidade engadimos ao currículo, máis competencial resulta a ensinanza. Trátase de explorar temas diferentes traballando o pensamento crítico e creativo en cuestións de final aberto.

A diferenciación do proceso incorpora o uso de diversas estratexias de instrución así coma diferentes procedementos e instrumentos de avaliación. Trátase de chegar ao resultado por diferentes camiños. O obxectivo é xerar condicións para a motivación de todo o alumnado dando resposta a diversos estilos de aprendizaxe do alumnado. Se adaptamos o proceso aos estilos de aprendizaxe, increméntase o compromiso do alumnado no proceso de aprendizaxe e, polo tanto, mellora o rendemento.

A diferenciación dos produtos proporciona diferentes opcións baseadas no interese, polo que mellora a calidade dos produtos polo feito de que o alumno está desfrutando na elaboración dos mesmos. Ademais, proporciona múltiples modos de expresión, polo que mellora as habilidades de comunicación dos alumnos e alumnas animándoos a expresarse de múltiples xeitos.

A diferenciación da organización e xestión da aula implica o cambio da contorna e os padróns de agrupamento que se empregan na clase (traballo individual, en parellas, en grupos homoxéneos e heteroxéneos), así coma a variación da asignación de tempo e recursos tanto materiais coma ambientais.

A diferenciación do propio mestre é a transformación que o profesorado fai de si mesmo, do seu propio rol profesional. Implica abandonar o rol tradicional de mestre coma instrutor e moverse a outros roles profesionais que guían a acción do alumnado en diferentes proxectos, xogar con outros roles na aula, coma o de adestrador deportivo, produtor teatral, director de cine, *coach* profesional. Tamén implica compartir cos alumnos e alumnas as experiencias propias do mestre, os seus intereses persoais, as súas fortalezas e todos aqueles compromisos extracurriculares dos docentes que poden posibilitar a mellora dos contidos.